

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2029 *Real decreto 32/2009, do 16 de xaneiro, polo que se aproba o Protocolo nacional de actuación médico-forense e de policía científica en sucesos con vítimas múltiples.*

A sociedade moderna vive exposta a un risco cada vez maior de sucesos que xeran a morte dun elevado número de persoas. Aos desastres naturais súmanse na actualidade os efectos de accidentes de transportes colectivos, tales como o ferrocarril ou o avión, e tamén do terrorismo.

Ata a data España non dispuxo dun protocolo para a actuación coordinada de equipos de médicos forenses coas forzas e corpos de seguranza do Estado e as policía autónomas en situacións ou sucesos con vítimas múltiples, de tal forma que nas últimas décadas se teñen posto de manifesto unha serie de carencias importantes na planificación médico-forense ante tales situacións, remediadas en parte polo celo profesional con que actúan os distintos profesionais involucrados e as iniciativas persoais.

A Lei de axuízamento criminal, nos seus artigos 340 a 343, dispón a necesidade de que nos casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade se proceda á identificación do cadáver e á práctica da autopsia por parte dos médicos forenses, co fin de informar sobre a causa da morte e as súas circunstancias. Pola súa banda, o Consello de Europa, na súa Recomendación nº R (99) 3, promove a harmonización das autopsias médico-forenses nos países membros.

A finalidade do Protocolo nacional de actuación médico-forense e de policía científica en sucesos con vítimas múltiples consiste en regular a asistencia técnica aos xuíces e tribunais para a identificación dos cadáveres e determinación das causas e circunstancias da morte neste tipo de situacións. Todo isto, no marco das previsións da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xuño, do poder xudicial, que no artigo 479.2 establece esta asistencia técnica por parte dos médicos forenses destinados nos institutos de medicina legal e no Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, e que no artigo 480 establece a misión de auxilio á Xustiza por parte do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses. É por isto polo que os resultados dos traballos realizados por todos os participantes neste protocolo converxen na autoridade xudicial competente.

Desta forma, o procedemento que se regula neste protocolo comprende unha serie de actuacións que están dirixidas pola autoridade xudicial competente, sen que poidan verse afectadas por outras que corresponden ás administracións públicas e, de maneira especial, en materia de protección civil. Isto non impide que, cando concorra a actuación dos médicos forenses e das forzas e corpos de seguranza, que, á marxe da súa dependencia da Administración xeral do Estado ou dunha comunidade autónoma, actúan dirixidos por un xuíz, cun plan de protección civil, se deba producir unha actuación coordinada. Isto afectaría actuacións como o traslado de cadáveres e o seu depósito, ou a asistencia a familiares e a obtención de datos «ante mortem».

Doutra parte, os avances experimentados pola medicina forense en relación coas técnicas identificativas e as peculiaridades da organización da actividade científico-xudicial no noso país, requiren a participación e coordinación de diversos estamentos dependentes de distintas instancias administrativas, como son o Corpo Nacional de Médicos Forenses, o Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, a Comisaría Xeral de Policía Científica e o Servizo de Criminalística da Garda Civil, e as policía autónomas onde estean constituídas. Esta necesidade de participación e coordinación exige a creación dun protocolo nacional que regule formalmente tanto as técnicas que deben aplicarse como os distintos labores que se deberán realizar nos supostos de sucesos con vítimas múltiples.

Este real decreto foi sometido a informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, as comunidades autónomas que recibiron os trasposos de medios para o funcionamento da Administración de Xustiza, a Comisión Nacional de Protección Civil e a Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza e do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xaneiro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do protocolo.*

Apróbase o Protocolo nacional de actuación médico-forense e de policía científica en sucesos con vítimas múltiples, cuxo texto se inclúe a seguir.

Disposición adicional primeira. *Sometemento á Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal.*

1. O tratamento de datos de carácter persoal derivado da execución das actuacións previstas no protocolo sométese, en todo caso, ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. Para os efectos previstos na dita lei orgánica, os laboratorios a que se refire o capítulo III terán a condición de encargados do tratamento, e deberán respectar o disposto no artigo 12 desta lei.

Disposición adicional segunda. *Creación da Comisión Técnica Nacional para Sucesos con Vítimas Múltiples.*

1. Créase a Comisión Técnica Nacional para Sucesos con Vítimas Múltiples.

2. A Comisión Técnica Nacional para Sucesos con Vítimas Múltiples é un órgano colexiado dependente do Ministerio de Xustiza e adscrito á Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza e que actuará con plena autonomía no exercicio das súas funcións.

3. A Comisión Técnica Nacional para Sucesos con Vítimas Múltiples terá a seguinte composición:

a) Un presidente e un vicepresidente, cargos que exercerán en rotacións bienais o director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Xustiza e o director xeral da Policía e da Garda Civil do Ministerio do Interior.

b) Vogais:

1.º Un representante designado por cada unha das comunidades autónomas que se adherisen a este protocolo.

2.º Un representante de cada unha das policías autonómicas cuxa comunidade autónoma se adhira a este protocolo.

3.º O director do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

4.º Un médico forense designado polo Ministro de Xustiza.

5.º Dous funcionarios do Ministerio de Xustiza pertencentes ao grupo A1.

6.º Dous funcionarios do Ministerio do Interior pertencentes ao grupo A1.

7.º Poderán asistir á Comisión Técnica Nacional os directores dos institutos de medicina legal que sexan convocados polo Ministerio de Xustiza ou pola comunidade autónoma da que dependan.

c) Un secretario, cargo que exercerá en rotacións bienais un funcionario do grupo A1 do Ministerio de Xustiza e un funcionario do grupo A1 do Ministerio do Interior.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente será substituído polo vicepresidente e este e os vogais serano pola persoa que eles designen. Nos supostos en

que o presidente sexa substituído polo vicepresidente, será aquel quen designe o suplente deste.

4. Cada un dos membros da Comisión Técnica a que se refiren as alíneas a) e b) do número 3 poderá autorizar a asistencia dun experto ás reunións da Comisión.

5. Son funcións da Comisión Técnica Nacional as seguintes:

a) Manter contactos coa Comisión Nacional de Protección Civil, co obxecto de que exista unha coordinación entre estes dous ámbitos.

b) Avaliar os resultados dos plans de actuación médico-forense e de policía científica en sucesos con vítimas múltiples.

c) Propor a modificación dos protocolos técnicos médico-forense e de policía científica, en caso necesario.

d) Establecer relacións coas comisións técnicas doutros grupos intervinientes en catástrofes tanto a nivel nacional como internacional.

e) Fomentar a creación e formación de equipos de expertos en actuación en sucesos con vítimas múltiples

f) Fomentar a colaboración en sucesos con vítimas múltiples de carácter internacional.

6. A Comisión rexerese polo establecido no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como, de ser o caso, polas regras de réxime interno emanadas da propia Comisión.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro dos artigos 149.1.5.^a e 149.1.29.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia en materia de Administración de xustiza e seguranza pública, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

1. Facúltanse os ministros de Xustiza e do Interior para ditar, no ámbito das súas respectivas competencias, as normas necesarias para o desenvolvemento, cumprimento e execución do disposto neste real decreto.

2. Así mesmo, autorízanse os ministros de Xustiza e do Interior para desenvolver mediante orde ministerial a organización e funcionamento da Comisión Técnica Nacional, con sometemento ao previsto no capítulo II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de xaneiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

PROTOCOLO NACIONAL DE ACTUACIÓN MÉDICO-FORENSE E DE POLICÍA CIENTÍFICA EN SUCESOS CON VÍTIMAS MÚLTIPLES

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza e dependencia orgánica.*

1. O Protocolo nacional de actuación médico-forense e de policía científica en sucesos con vítimas múltiples supón o establecemento dun procedemento técnico organizativo, que ten por finalidade a adecuada cooperación entre os profesionais dos ministerios de Xustiza e do Interior na actuación conxunta en sucesos con vítimas múltiples. O dito protocolo contará coa participación das distintas comunidades autónomas adheridas a el.

2. A súa organización e supervisión corresponde á Secretaría de Estado de Xustiza do Ministerio de Xustiza e á Secretaría de Estado de Seguranza do Ministerio do Interior e ás comunidades autónomas que se adherisen a este protocolo.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

1. Este protocolo de actuación será de aplicación obrigatoria aos seguintes órganos e unidades:

- a) O Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.
- b) Os institutos de medicina legal sobre os cales as comunidades autónomas non asumisen competencias.
- c) As unidades de policía xudicial organicamente dependentes do Ministerio do Interior.

2. O protocolo será de aplicación aos institutos de medicina legal e ás unidades de policía xudicial organicamente dependentes das comunidades autónomas, cando estas o asuman voluntariamente.

Artigo 3. *Funcións.*

1. A función do Protocolo nacional de actuación médico-forense e de policía científica en sucesos con vítimas múltiples consiste en regular a actuación coordinada dos médicos forenses, a través dos institutos de medicina legal, coas forzas e corpos de seguranza do Estado, coas policías autonómicas e co Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, nos plans de emerxencia ante sucesos con vítimas múltiples a nivel nacional, e a súa posible colaboración a nivel internacional.

2. As actuacións médico-forenses e de policía científica previstas neste protocolo serán exercidas de acordo coas ordes e instrucións ditadas polo órgano xudicial competente no curso das correspondentes actuacións procesuais.

CAPÍTULO II

Fases de actuación do Protocolo nacional de actuación médico-forense e de policía científica en sucesos con vítimas múltiples

Sección 1.^a Fases de actuación

Artigo 4. *Fases de actuación*

A actuación establecida no Protocolo nacional ante sucesos con vítimas múltiples producirase en tres fases:

- a) Fases preliminares ao tratamento de cadáveres e restos humanos.
- b) Fase de tratamento de cadáveres e restos humanos.
- c) Fase de obtención de datos «ante mortem» na área de asistencia a familiares.

Sección 2.ª Fases de actuación preliminares

Artigo 5. Fases preliminares de actuación ao tratamento de cadáveres e restos humanos.

As fases preliminares de intervención en sucesos con vítimas múltiples serán as seguintes:

- a) Comprobación da noticia do suceso e comunicación á autoridade xudicial:

1.º A comprobación da noticia do suceso será realizada polo corpo de seguranza que teña atribuída a competencia territorial, o cal o porá en coñecemento da autoridade xudicial.

2.º A autoridade xudicial, pola súa vez, comunicarao ao médico forense de garda e este ao director do instituto de medicina legal correspondente, que actuará como coordinador das actuacións forenses. No caso de que a autoridade xudicial competente sexa a Audiencia Nacional, o director do instituto de medicina legal porase á disposición do xulgado central de instrución correspondente.

3.º O director do instituto de medicina legal e o responsable das forzas e corpos de seguranza, precedendo comunicación á autoridade xudicial competente, se o consideran adecuado, acordarán de inmediato a aplicación deste protocolo.

4.º De acordo coa magnitude do suceso e segundo as necesidades de axuda, o director do instituto de medicina legal porá o suceso en coñecemento dos directores dos institutos de medicina legal circundantes e, de ser o caso, dos directores dos demais institutos de medicina legal.

b) As operacións preliminares serán o acordoamento da zona, a implantación dos servizos de seguranza, en ambos os casos por parte da forza ou corpo de seguranza competente por razón do territorio, e o establecemento dun posto de mando conxunto por parte dos responsables dos médicos forenses e de policía científica, así como o rescate de superviventes e o traslado aos lugares establecidos.

Unha vez finalizadas as tarefas de rescate de superviventes, a área do desastre quedará libre de calquera persoa allea aos labores de levantamento de cadáveres e identificación ou de investigación policial, de tal maneira que non se tocará ningún cadáver, nin se recollerá nin moverá ningún tipo de efecto persoal, preservando a zona tal e como quede.

c) Chegada ao lugar da autoridade xudicial e do médico forense; inspección ocular técnico-policial do lugar, sinalización e cuadrículado da zona; inicio dos traballos de identificación:

Unha vez comparecida a autoridade xudicial competente no lugar do sinistro procederase a:

1.º Realizar a inspección ocular técnico-policial do lugar, a sinalización e o cuadrículado da zona. A inspección será realizada por un equipo de especialistas da policía científica, diferente dos equipos de identificación, que iniciará os traballos de inspección ocular técnico-policial sobre as causas do sinistro ou suceso, con recollida de mostras e evidencias relacionadas con elas.

2.º O inicio dos traballos de identificación será levado a cabo polos equipos de identificación de vítimas en grandes catástrofes (en adelante IVD), das forzas e corpos de seguranza do Estado, das policía autónomas, e do instituto de medicina legal que teña a competencia territorial.

Sección 3.^a Fase de tratamento de cadáveres e restos humanos

Artigo 6. Áreas de traballo da fase de tratamento de cadáveres e restos humanos.

A fase de tratamento de cadáveres e restos humanos realizarase nas seguintes áreas de traballo:

- a) Área de recuperación e levantamento de cadáveres, restos humanos e efectos.
- b) Área de depósito de cadáveres.

Subsección 1.^a Área de recuperación e levantamento de cadáveres, restos humanos e efectos

Artigo 7. Equipos actuantes.

1. O traballo nesta área realizarase de forma coordinada entre os institutos de medicina legal e os equipos IVD das forzas e corpos de seguranza do Estado e das policía autónomas. Por cada unha destas institucións existirá un responsable ou mando único que se encargará de realizar a dita coordinación.

2. Cada equipo de levantamento estará formado por un médico forense, membros dos equipos IVD das forzas e corpos de seguranza do Estado ou das policía autónomas e persoal auxiliar.

3. O número de equipos no levantamento determinarase en función do número de cadáveres e das características específicas de cada suceso, e será establecido polo director do instituto de medicina legal e o responsable das forzas e corpos de seguranza do Estado ou policía autónomas. O médico forense será quen coordinará as actuacións que se realicen sobre os cadáveres ou restos humanos.

Artigo 8. Actuacións básicas.

Nesta área realizaranse as actuacións básicas correspondentes aos médicos forenses e as correspondentes aos equipos IVD das forzas e corpos de seguranza do Estado e policía autónomas:

- a) A actuación dos médicos forenses centrarase no relativo:

- 1.º Ao diagnóstico da morte.
- 2.º Á data desta.
- 3.º Ao exame do cadáver.
- 4.º Á diferenciación entre corpos e restos humanos.
- 5.º Á obtención de mostras biolóxicas in situ, se procede.
- 6.º Á resolución de todas aquelas cuestións médicas ou biolóxicas que poidan xurdir nesta fase.

- b) A actuación dos equipos IVD das forzas e corpos de seguranza do Estado e policía autónomas centrarase no relativo:

- 1.º Á reportaxe fotográfica e videográfica.
- 2.º Ao levantamento de planos e bosquejos.
- 3.º Á etiquetaxe, incluíndo pulseiras ou bridas, de todos os corpos e restos humanos.
- 4.º Á obtención da necrorreferencia correspondente conforme o anexo I, se as condicións cadavéricas e ambientais o permiten.
- 5.º Á recollida de obxectos que non porten os cadáveres e á confección da acta de relación de obxectos (anexo III).

Artigo 9. Procedementos e modelos de recollida de datos relativos aos cadáveres e aos restos humanos.

1. Procederase á recollida de todo corpo ou resto humano que se poida recoñecer como tal. Previamente á súa recollida fotografarase no lugar dos feitos, en fotografías de conxunto e de detalle.

2. Os datos descritivos e documentais recolleranse no correspondente «Formulario de levantamento de cadáveres ou restos humanos en sucesos con vítimas múltiples», único para os médicos forenses e as forzas e corpos de seguranza do Estado e policía autónomas, que será asinado polos responsables de ambas as institucións (anexo I).

3. Os formularios anteriormente citados constarán de orixinal e copia. O orixinal quedará en poder do equipo IVD. A copia do formulario de levantamento así como os obxectos persoais que porten as vítimas serán introducidos de forma independente en bolsas herméticas, referenciados con etiquetas identificativas dentro do sudario que conteña o cadáver, que tamén irá etiquetado coa mesma numeración. Desta forma, todo corpo, os seus efectos persoais e a documentación irán sempre co mesmo número.

4. Para os efectos de necroidentificación, consideraranse como restos humanos aquelas partes do corpo humano anatomicamente identificables de suficiente entidade para o seu tratamento, procedentes de mutilacións sobrevidas polo suceso.

5. O tratamento dos restos humanos será igual que o dos cadáveres. Desde a súa recollida os restos humanos irán numerados e con copia de todos os documentos relativos a eles, identificándose os funcionarios que realizan os labores de levantamento e recompilación de datos. Desta forma, todo resto humano e os seus efectos persoais irán sempre co mesmo número.

6. Cando as bolsas de restos humanos recollidas se inclúan nunha bolsa ou contedor de recollida común de restos redactarase unha acta de relación de restos, tal e como queda reflectido no anexo II, e irase consignando, de forma exhaustiva e individual, o tipo de resto que se recolle e o número que se lle asignou. Esta acta tamén é autocopiativa, de tal maneira que o orixinal quedará en poder dos equipos IVD das forzas e corpos de seguranza do Estado e policía autónomas e a copia irá no interior da bolsa ou contedor de recollida común de restos.

Artigo 10. *Traslado de cadáveres e restos humanos ao depósito.*

O traslado dos cadáveres e restos humanos desde o lugar do levantamento ata o depósito establecido será supervisado polos responsables dos equipos de levantamento, confeccionando as actas de traslado ao depósito de cadáveres e restos humanos (anexo IV).

Subsección 2.^a Área de depósito de cadáveres

Artigo 11. *Depósito de cadáveres.*

1. Unha vez concluída a fase de levantamento de cadáveres e efectuadas as operacións de traslado, verificarase a recepción no depósito de cadáveres por persoal do instituto de medicina legal (anexos IV e V) e procederase á necroidentificación e ás autopsias.

2. A área de depósito de cadáveres situarase na sede dos institutos de medicina legal, salvo naquelas situacións en que, debido ao número de cadáveres ou por razóns operativas, se designe un lugar distinto que reúna as condicións adecuadas, tras consulta co director do instituto de medicina legal actuante.

3. Cada instituto de medicina legal deberá ter previsto, coa colaboración das distintas administracións públicas, un plan de actuación territorial médico-forense, que incluírá o transporte de cadáveres, así como o lugar en que poden depositarse os cadáveres no caso de que o número destes supere a capacidade de recepción do instituto de medicina legal.

Artigo 12. *Zonas de traballo na área de depósito de cadáveres.*

Dentro da área de depósito de cadáveres distinguíranse as seguintes zonas de traballo:

- a) A zona de recepción de cadáveres e restos humanos.
- b) A zona de necroidentificación e autopsias.
- c) A zona de conservación e custodia de cadáveres e restos humanos.
- d) A zona de conservación e custodia de obxectos persoais.

Artigo 13. *Zona de recepción de cadáveres e restos humanos.*

1. Os cadáveres e restos humanos chegarán ao lugar de recepción do depósito co número etiquetado no levantamento. No momento en que se reciban asignaráselles o número de arquivo do instituto de medicina legal que lles corresponda. Por tanto, o rexistro numérico dos cadáveres é o seguinte: número de levantamento/número do instituto de medicina legal

2. Así, manterase o número asignado ao cadáver no levantamento no lugar do feito como principal, asignándolle un segundo número de control correspondente ao instituto de medicina legal.

3. Nesta zona traballarán un equipo forense e outro das forzas e corpos de seguranza do Estado e policía autonómicas, así como oficiais de actividades específicas e auxiliares, cada un co seu respectivo responsable, que, de forma coordinada, se encargarán, dentro do seu ámbito de competencia, do control de entrada e xestión dos datos de identidade ou de calquera outro tipo que existan sobre os cadáveres.

4. Nesta fase os médicos forenses iniciarán os traballos de clasificación dos cadáveres, distinguindo entre cadáveres identificados dactilamente e non identificados dactilamente, asignando ao cadáver o formulario de traballos que se deben realizar, conforme os modelos que se achegan como anexo V e anexo VI (1 e 2).

Artigo 14. *Zona de necroidentificación e autopsias.*

1. Na zona de necroidentificación e autopsias realizaranse a obtención das necrorreferencias e mais as autopsias. Distinguirase o tratamento de cadáveres e o de restos humanos. Pola súa vez, os cadáveres recibirán distinto tratamento segundo fosen ou non identificados dactilamente.

2. Antes de iniciar a autopsia xudicial terase en conta se a vítima puido ser identificada, ou se é inminente a súa identificación, a través das impresións dactilares que se tomaron no momento do levantamento do cadáver, o que permitirá simplificar os traballos posteriores de identificación. Esta distinción e mais a clasificación realizaranse na zona de recepción de cadáveres, de tal maneira que cando o cadáver saia desta zona o faga clasificado nun dos dous grupos, debendo constar no formulario (anexo V).

Artigo 15. *Tratamento dos cadáveres identificados dactilamente.*

1. Os cadáveres identificados dactilamente serán custodiados nun lugar específico. Se procede, realizaráselles o estudo radiolóxico e a práctica das autopsias xudiciais, sendo preceptiva a obtención dunha mostra indubitada do cadáver para, de ser o caso, poder realizar a análise de ADN, conforme o establecido nas «Recomendacións para a recollida e remisión de mostras con fins de identificación xenética en sucesos con vítimas múltiples» (anexo VII.1), e utilizando a acta oficial para a toma de mostras «post mortem» de ADN (anexo VII.2).

2. As autopsias iniciaranse con este grupo de cadáveres sempre que sexa posible, co obxecto de que o equipo «ante mortem» dispoña dunha marxe de tempo superior para obter un maior número de datos que poidan ser de aplicación aos cadáveres sen identificar.

Artigo 16. *Tratamento dos cadáveres non identificados dactilamente.*

Os cadáveres non identificados dactilamente serán custodiados en lugar á parte e efectuaranse neles, de seren necesarias para efectos de identificación, de forma rigorosa e pola orde que se establece a seguir, as seguintes actuacións de identificación e forenses:

a) Obtención da necrorreferencia:

1.º Recibirase o cadáver e o seu expediente, abrírase a bolsa e faranse as comprobacións oportunas.

2.º Realizarase unha reportaxe fotográfica xeral da bolsa e do cadáver.

3.º Obteranse nesta primeira fase as impresións dactilares dos dez dedos e das palmas das mans. Este labor será realizado por membros das forzas e corpos de seguranza do Estado e policía autonómicas, os cales se farán cargo das impresións dactilares, para realizar os traballos de identificación.

b) Realización da autopsia:

1.º A realización da autopsia xudicial é unha actividade exclusiva do médico forense, cuxo fin é obter datos para a identificación e determinación das causas e circunstancias da morte, así como a obtención de mostras para a realización de análises complementarias.

2.º Os médicos forenses faranse cargo da obtención, interpretación e cotexo dos datos identificativos derivados da autopsia, segundo o disposto no Regulamento dos institutos de medicina legal, procedéndose á súa consignación nos formularios que se establezan, baseados nos formularios de Interpol. Contarase para iso coa cooperación das forzas e corpos de seguranza do Estado e policía autonómicas.

Artigo 17. *A autopsia xudicial.*

A autopsia comprenderá as seguintes actuacións:

a) Preparación do cadáver:

1.º Procederase a espir o corpo, pasando as roupas e efectos persoais aos funcionarios dos corpos de seguranza do Estado e policía autonómicas para a súa fotografía e anotación sucinta nos formularios baseados nos formularios de INTERPOL.

2.º Despois do seu exame e anotación sucinta, as roupas e efectos quedarán xunto ao cadáver gardados en bolsas.

b) Estudo radiolóxico: procederase, de ser o caso, a efectuar unha seriación radiográfica de todo o cadáver co fin de obter datos identificativos, tales como malformacións conxénitas, calos de fractura, e outros que contribúan a establecer a causa da morte. Estes datos con posible valor identificativo serán anotados tamén nos formularios antes referidos, que cubrirán os membros dos equipos IVD das forzas e corpos de seguranza do Estado e policía autonómicas.

c) Exame externo: o exame externo habitual da práctica de autopsia completarase con dúas series fotográficas:

1.º Fotografías, antes e despois do lavado, do cadáver e das lesións traumáticas que sirvan para ilustrar o informe de autopsia.

2.º Fotografías con fins identificativos que se unirán aos impresos baseados nos formularios de Interpol que se vaian completando.

As reportaxes fotográficas a que aluden os números anteriores terán tomas de conxunto e de detalle.

d) Exame odontolóxico:

1.º Realizarase, se procede, a anotación da ficha odontolóxica do cadáver, obtendo así mesmo fotografía de fronte, dos bordos dentarios anteriores, incisivos, cairos e premolares; estes datos serán tamén anotados nos formularios antes referidos, que cubrirán os equipos IVD das forzas e corpos de seguranza do Estado e policía autonómicas.

2.º Extraeranse as próteses móbiles, que serán fotografadas e debidamente referenciadas, co número de rexistro do cadáver e custodiadas ata a total identificación deste.

3.º Para efectuar estudos máis complexos odontolóxicos poderase proceder á extracción de maxilares e mandíbula ou á realización de radiografías.

e) Exame interno: efectuarase, se for necesario, a apertura de cavidades para concretar a causa da morte así como para obter datos identificativos intracorporais. Cando

sexa preciso, tomaranse mostras para análise tanto de tóxicos como de explosivos, acelerantes de lume e outros.

f) Recollidas de mostras para ADN: será obrigatoria a obtención dunha mostra indubitada do cadáver para a obtención de perfís xenéticos, por se for necesario, especialmente se hai que relacionar o corpo con restos humanos pendentes de identificar, conforme os criterios establecidos no anexo VII.1 e utilizando a acta oficial para a toma de mostras «post mortem» de ADN (anexo VII.2).

A numeración das mostras realizarase mantendo o número do levantamento e do instituto de medicina legal. Se dun cadáver ou resto humano for necesario recoller varias mostras, a cada unha delas asignáraselle un número correlativo: número levantamento/número IML/ número mostra ADN

g) Os achados obtidos nos estudos anteriores que sexan de interese para a identificación serán canalizados ao centro de integración de datos.

Artigo 18. *Tratamento de restos humanos.*

1. O tratamento dos restos humanos realizarase na sala de autopsias e efectuarase con fotografías de conxunto e de detalle deles, e das lesións traumáticas que sirvan para ilustrar o informe da autopsia.

2. Procederase a tomar mostras para o estudo de ADN, co fin de agrupar xeneticamente aqueles fragmentos de suficiente entidade para poder completar o máis posible o cadáver para a súa entrega aos familiares. Utilizarase a acta oficial para a toma de mostras «post mortem» de ADN (anexo VII.2).

3. Todos os datos serán enviados, unha vez concluída a autopsia, ao centro de integración de datos.

Artigo 19. *Control de calidade.*

1. Ao final de todo o proceso de autopsia, a documentación (anexos V, VI 1 e VI 2) será remitida ao control de calidade, formado por dous membros dos corpos que interviñesen no proceso necroidentificador, é dicir, un médico forense e un membro da policía científica.

2. A función do control de calidade será comprobar que se completaron todas as operacións, se recolleron e documentaron as mostras e obxectos persoais e se observou a cadea de custodia. As persoas que realicen o control de calidade serán os encargados de ordenar o traslado do cadáver á zona de conservación e custodia; no caso de comprobar deficiencias ordenarán un novo exame parcial ou total do cadáver ou resto humano.

Artigo 20. *Os equipos actuates «post mortem».*

1. Os equipos «post mortem» estarán constituídos por:

a) O persoal forense seguinte: un médico forense, un oficial de actividades específicas e un funcionario de tramitación procesual.

b) Os membros das forzas e corpos de seguranza do Estado e policías autonómicas seguintes: dous fotógrafos e dous funcionarios expertos na recollida de datos «post mortem».

2. Atendendo ao número de cadáveres e ás circunstancias do caso, o director do instituto de medicina legal, xunto co responsable dos equipos das forzas e corpos de seguranza do Estado e policías autonómicas, informará o xuíz instructor sobre a conveniencia de actuar con un ou varios equipos, organizándose de forma coordinada.

3. O director do instituto de medicina legal, e o responsable das forzas e corpos de seguranza do Estado e policías autonómicas, poderán modificar, nos seus respectivos campos de actuación, a composición dos equipos «post mortem» para adecuala ás necesidades do caso.

Artigo 21. *A zona de conservación e custodia de cadáveres e restos humanos*

1. Unha vez obtidos os datos de identificación, realizadas as autopsias e superado o control de calidade, o cadáver ou resto humano pasará á zona de conservación e custodia.

Esta actividade estará controlada polo persoal do instituto de medicina legal competente. Os cadáveres e restos humanos permanecerán preservados mediante frío ou técnica de conservación específica.

2. Procederase ao almacenamento das bolsas debidamente numeradas nun lugar preparado para iso no depósito: en arcóns, frigoríficos ou conxeladores.

Artigo 22. Entrega e traslado.

1. A entrega de cadáveres a familiares ou persoas achegadas realizarase cando o autorice a autoridade xudicial competente, unha vez que os cadáveres estean plenamente identificados e o ditame de identificación por cadáver fose remitido á dita autoridade xudicial.

2. Aqueles cadáveres que non fosen identificados ou cuxa identificación se presuma difícil, quedarán á disposición da autoridade xudicial, que será quen ordene o traslado a outros lugares de conservación ou depósito, ou mesmo o seu enterramento, mediante o oportuno auto xudicial, unha vez que se confirmase que se levaron a cabo todos os traballos de autopsia e de obtención de datos «post mortem» que permitan a súa posterior identificación.

Artigo 23. A zona de conservación e de custodia de obxectos persoais.

Os obxectos que porten os cadáveres e restos humanos e que son trasladados xunto con estes, de forma individualizada co número deles, depositaranse e custodiaranse na zona de conservación e custodia do instituto de medicina legal correspondente, e entregaranse aos familiares, levantando previamente unha acta, cuxo orixinal se remitirá ao xulgado e da que quedará copia no instituto de medicina legal.

Sección 4ª Fase de obtención de datos «ante mortem» na área de asistencia a familiares

Artigo 24. A área de asistencia a familiares e obtención de datos «ante mortem».

A área de asistencia a familiares e obtención de datos «ante mortem» estará situada no lugar predeterminado para cada unidade territorial dos institutos de medicina legal, para o cal se pedirá a colaboración das distintas administracións públicas e, de ser o caso, do órgano competente en materia de protección civil. Esta área consta de catro zonas básicas:

- a) O punto de información.
- b) A oficina de recepción de denuncias.
- c) A zona de obtención de datos «ante mortem» ou oficina «ante mortem».
- d) A zona de asistencia sanitaria, social e psicolóxica.

Artigo 25. O punto de información.

No punto de información darase información a familiares e achegados e orientarase a estes para que sexan atendidos correctamente ao longo do proceso. Neste punto estará presente para levar a cabo labores de información específica persoal das forzas e corpos de seguranza do Estado e policías autonómicas, así como persoal de asistencia social e psicolóxica para o seu cometido concreto.

Artigo 26. A oficina de recepción de denuncias.

1. A oficina de recepción de denuncias encargarase de tramitar todas as denuncias sobre persoas desaparecidas ou posibles vítimas, e estará atendida por persoal das forzas e corpos de seguranza do Estado e policías autonómicas.

2. As súas funcións son as seguintes:

- a) Recibir os familiares ou achegados dos desaparecidos ou posibles vítimas.
- b) Elaborar as listas de desaparecidos e centralizar todos os datos en relación con eles.

c) Remitir periodicamente á oficina «ante mortem» as listas de desaparecidos ou posibles vítimas.

d) Controlar que se establezan liñas de comunicación abertas para recibir información e datos de posibles familiares ou coñecidos dos desaparecidos, de tal maneira que se poidan ir confeccionando as listas de desaparecidos e organizando os traballos de toma dos datos «ante mortem».

e) Informar os posibles familiares e achegados dos datos «ante mortem» que son necesarios e que deben fornecer para realizar as identificacións. Para todo isto contarase cunha guía informativa.

f) Enviar os familiares e achegados á oficina «ante mortem» cando se comprobe que poden colaborar na achega de datos.

Artigo 27. A zona de obtención de datos «ante mortem» ou oficina «ante mortem».

1. Esta zona é un lugar de traballo mixto, cuxo fin primordial é a obtención de todos aqueles datos específicos individuais que permitan, dunha forma científica e ordenada, orientar a identificación das vítimas.

2. Os equipos «ante mortem» que traballan nesta zona obterán de familiares, amigos, testemuñas, institucións públicas ou privadas, todos os datos identificativos posibles das supostas vítimas, entendidas en sentido amplo, considerándose tamén como vítimas as persoas superviventes que fosen trasladadas a centros hospitalarios e que sexa necesario identificar.

Artigo 28. Equipos actuantes na oficina «ante mortem».

1. Na oficina «ante mortem» existirá un responsable de cada un dos seguintes institutos e corpos: do instituto de medicinal legal competente, do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, das forzas e corpos de seguranza do Estado e das policía autónomas.

2. Dentro da área propia das súas respectivas competencias, estes responsables actuarán coordinadamente para realizar os cometidos específicos e para dirixir os equipos que se mencionan no número seguinte.

3. Os equipos de recollida de datos «ante mortem» estarán constituídos por funcionarios das forzas e corpos de seguranza do Estado e policía autónomas, persoal médico forense e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, formando equipos en número suficiente en función da magnitude do suceso.

Artigo 29. As funcións xerais do equipo «ante mortem».

As funcións xerais do equipo «ante mortem» son as seguintes:

a) Determinar e dar a coñecer publicamente qué información «ante mortem» das posibles vítimas deberán fornecer as familias. Entre outra, esta información poderá consistir en fotografías, datos persoais e antropométricos, historias médicas, radiografías xerais e dentais, moldes dentais ou odontólogo habitual. Para todo isto contarase cunha guía informativa.

b) Coordinar e dirixir outros profesionais que se presenten no lugar.

c) Obter datos que poidan facilitar a identificación tales como vestimenta, efectos persoais, tatuaxes, fichas dentais ou radiografías dentais, operacións cirúrxicas realizadas, uso de próteses internas, uso de marcapasos ou calquera outro dato identificativo.

d) Obter a lista de familiares dispoñibles para a toma de ADN (anexo VII.3).

e) Obter mostras biolóxicas de familiares directos e/ou «ante mortem» do falecido para análise de ADN. Con tal fin redactaranse as actas de recollida conforme o establecido no anexo VII.4 (follas 1 e 2) e VII.5.

f) Recoller os datos «ante mortem» seguindo as directrices dos formularios de Interpol.

g) Enviar os expedientes ao centro de integración de datos.

Artigo 30. *Actuación específica do médico forense.*

Será actuación específica do médico forense a interpretación e cotexo de todos os informes médicos, radiografías e cantos datos sanitarios ou médicos teñan relación co proceso de identificación, así como a coordinación do persoal na toma de mostras biolóxicas para ADN, co apoio do persoal do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses e dos laboratorios dos institutos de medicina legal.

Artigo 31. *Actuación específica dos membros das forzas e corpos de seguranza do Estado e das policía autónomas.*

Serán funcións dos membros das forzas e corpos de seguranza do Estado e das policía autónomas as seguintes:

- a) A obtención dos datos «ante mortem», cubrindo un impreso normalizado baseado nos formularios que Interpol ten establecidos para estes casos, e recompilando fichas dentais e radiografías dentais, así como outros datos de interese para a identificación como operacións cirúrxicas realizadas, uso de próteses internas, uso de marcapasos, etc.
- b) A obtención de mostras biolóxicas indubitadas de familiares para a obtención do ADN, en coordinación cos médicos forenses e o apoio do persoal do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses. Esta recollida efectuarase confeccionando a correspondente acta de recollida de mostras como se sinala na letra e) do artigo 29. As mostras biolóxicas remitiranse aos laboratorios de referencia nos termos establecidos.

Artigo 32. *Entrada en funcionamento da oficina «ante mortem».*

1. A oficina «ante mortem» deberá de empezar a traballar desde o primeiro momento, xa que todos os datos persoais que poida achegar previamente á realización da autopsia son fundamentais no proceso de identificación dos cadáveres. Para iso estableceranse liñas de comunicación directa coa área de depósito de cadáveres, independentemente do envío dos formularios e actas ao centro de integración de datos.

2. Os equipos «ante mortem» realizarán o seu labor da seguinte forma:

- a) Recollida de datos na oficina «ante mortem».
- b) Utilización de unidades periféricas ou unidades móbiles da policía científica das forzas e corpos de seguranza do Estado e das policía autónomas.

Artigo 33. *A zona de asistencia sanitaria, social e psicolóxica.*

Na zona de asistencia sanitaria, social e psicolóxica situaranse os equipos de psicólogos, médicos e asistentes sociais encargados de atender os familiares e achegados das vítimas ou desaparecidos.

CAPÍTULO III

Laboratorios

Artigo 34. *Laboratorios.*

1. Estableceranse como laboratorios para análise do ADN e outras análises propias da súa especialidade os que posúen as seguintes institucións:

- a) O Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, que actuará ademais como laboratorio de referencia.
- b) A Comisaría Xeral de Policía Científica do Corpo Nacional de Policía, do Ministerio do Interior.
- c) O Servizo de Criminalística da Garda Civil, do Ministerio do Interior.
- d) Os laboratorios dos institutos de medicina legal.

2. No caso de que o suceso se produza en comunidades autónomas que recibisen trasposos en materia de seguranza contarase coa colaboración dos seus laboratorios.

Artigo 35. *Repartición de mostrás.*

1. Co ánimo de garantir a eficacia e a rapidez do proceso de identificación xenética, as mostrás «post mortem», «ante mortem» e de familiares para análise de ADN serán repartidas entre os distintos laboratorios dentro do ámbito da súa competencia, que actuarán de forma coordinada tanto na obtención dos perfís xenéticos como no proceso de comparación sistemática de perfís de ADN en bases de datos automatizadas, sen prexuízo do que poida establecer a autoridade xudicial competente, en función das características e etiología do suceso.

2. Con coñecemento da autoridade xudicial competente, os responsables das diferentes institucións implicadas (médicos forenses, forzas e corpos de seguranza do Estado, policía autonómica e Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses) establecerán o criterio de repartición das mostrás recollidas nas fases «ante mortem» e «post mortem».

Artigo 36. *Tratamento dos resultados das análises.*

1. Todos os resultados das análises de identificación de vítimas se remitirán ao centro de integración de datos.

2. Cando a etiología do suceso obedeza a causas terroristas ou criminais, e sempre que o autorice o xuíz competente, os resultados finais de todas as análises que realicen os distintos laboratorios remitiranse, para os efectos de investigación, ao laboratorio das forzas e corpos de seguranza do Estado e das policía autonómicas que teñan a competencia investigadora.

CAPÍTULO IV

Centro de integración de datos

Artigo 37. *Centro de integración de datos.*

1. O centro de integración de datos ten como función reunir e supervisar os diferentes informes de identificación que realicen as distintas institucións, segundo os datos recollidos nos distintos anexos deste real decreto, previamente á súa remisión á autoridade xudicial competente.

2. O centro de integración de datos estará formado por unha oficina forense e unha oficina das forzas e corpos de seguranza do Estado e das policía autonómicas, cada unha como aglutinante das actividades propias das institucións implicadas, onde converxerán todos os resultados finais propios de cada institución. En cada unha delas existirá un responsable que se encargará de que se realice e manteña unha coordinación e comunicación operativa entre as institucións. Na oficina forense poderase integrar persoal do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses cun responsable deste, quen coordinará os traballos de identificación propios do dito instituto.

3. Unha vez procesada toda a información procedente das dúas oficinas, o centro de integración de datos elaborará un ditame de identificación, que será asinado polos responsables da emisión do informe, e outro da causa da morte, que será asinado polos médicos forenses do servizo de patoloxía do instituto de medicina legal actuante. Ambos os ditames serán remitidos á autoridade xudicial competente.

4. De todos e cada un dos documentos que xere o tratamento de cadáveres e restos humanos ao longo de todo o proceso, conservarse copia no arquivo do instituto de medicina legal correspondente, sen prexuízo dos documentos e datos que deban constar, por ser da súa competencia, nos ficheiros das forzas e corpos de seguranza do Estado.

5. Terase en conta a posibilidade de que se solicite o desprazamento de funcionarios da Administración de xustiza ao centro de integración de datos.

6. Para dar puntual información aos medios de comunicación sobre o tratamento médico-forense e de policía científica do suceso, existirá un responsable de información único, dependente do centro de integración de datos, que será, en principio, o xefe de prensa do Tribunal Superior de Xustiza correspondente; ou, para delitos de terrorismo, o da Audiencia Nacional.

FORMULARIOS E ACTAS

Anexos

Anexo I. Formulario de levantamento de cadáveres ou restos humanos en sucesos con vítimas múltiples.

Anexo II. Acta de relación de restos humanos.

Anexo III. Acta de relación de obxectos.

Anexo IV. Acta de traslado ao depósito de cadáveres e restos humanos.

Anexo V. Formulario da área de depósito de cadáveres e restos humanos en sucesos con vítimas múltiples.

Anexo VI.

1. Formulario de traballo de cadáveres identificados dactilamente

2. Formulario de traballo de cadáveres sen identificar dactilamente

Anexo VII. Normas e actas de recollida de mostras de ADN.

1. Recomendacións para a recollida e remisión de mostras con fins de identificación xenética en sucesos con vítimas múltiples

2. Acta oficial para as tomas de mostras «post mortem» de ADN

3. Formulario oficial de familiares dispoñibles para a toma de ADN

4. Acta oficial para a toma de mostras de referencia de ADN dos familiares (follas 1 e 2).

5. Acta oficial para a toma de mostras de referencia de ADN «ante mortem» do falecido.



MINISTERIO
DE XUSTIZA
MINISTERIO
DO INTERIOR

ANEXO I

FORMULARIO DE
LEVANTAMENTO DE CADÁVERES
OU RESTOS HUMANOS EN
SUCESOS CON VÍTIMAS MÚLTIPLES

PROTOCOLO NACIONAL DE
ACTUACIÓN MÉDICO-FORENSE
E DE POLICÍA CIENTÍFICA EN
SUCESOS CON VÍTIMAS
MÚLTIPLES



BIOPERIGOSO

CADÁVER RESTO

Espazo reservado para
etiqueta
Nº cadáver
Nº resto

IML de:

DATA	HORA	DEPENDENCIA POLICIAL	XULGADO	FUNCIONARIOS	MÉDICO FORENSE
	Inicio: Fin:				

LUGAR:

SITUACIÓN NO LUGAR	
CADÁVER <input type="checkbox"/>	
RESTO HUMANO <input type="checkbox"/>	

DESCRIPCIÓN XERAL	
CADÁVER <input type="checkbox"/>	
RESTO HUMANO <input type="checkbox"/>	
ESTADO: COMPLETO <input type="checkbox"/> INCOMPLETO <input type="checkbox"/> SEXO: HOME <input type="checkbox"/> MULLER <input type="checkbox"/> INDETERMINADO <input type="checkbox"/> NENO/A <input type="checkbox"/> IDADE APARENTE <input type="text"/>	DESCRIPCIÓN XERAL: (Estado do cadáver ou resto, vestimenta, efectos,...)

DATOS DA DOCUMENTACIÓN QUE PORTA OU POSIBLE FILIACIÓN		
NOME:	APELIDO 1:	APELIDO 2:
NACIDO EN (lugar):		O DÍA:
FILLO DE:		
TIPO DE DOCUMENTACIÓN:	DNI: <input type="checkbox"/>	PASAPORTE: <input type="checkbox"/>
	NIE: <input type="checkbox"/>	OUTROS: <input type="checkbox"/>
PAÍS DO DOCUMENTO:	Nº DOCUMENTO:	
SEN DOCUMENTACIÓN <input type="checkbox"/>		

REPORTAXE FOTOGRÁFICA <input type="checkbox"/>	TOMA DE VÍDEO <input type="checkbox"/>	BOSQUEXO <input type="checkbox"/>
--	--	-----------------------------------

NECRORREFERENCIA	
ÍNDICE DEREITO: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON ÍNDICE ESQUERDO: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	MOTIVO, NON: EN CASO DE AUSENCIA INDICAR DEDO DE SUBSTITUCIÓN DO QUE SE TOMA A IMPRESIÓN:

SINATURA DO MÉDICO FORENSE

SINATURA DO FUNCIONARIO

INSTRUCCIÓN ANEXO I

FORMULARIO DE LEVANTAMENTO DE CADÁVERES OU RESTOS HUMANOS EN CATÁSTROFES

INSTRUCCIÓN PARA A SÚA COBERTURA

- Trátase dun documento autocopiativo, con orixinal e copia.
- Será cuberto de forma conxunta polos equipos de identificación de vítimas en grandes catástrofes (equipos IVD) das FF.CC. de seguranza do Estado e polo médico forense presente no levantamento, asinando o responsable do dito equipo e o médico forense.
- Utilizarase tanto para o levantamento de cadáveres como de restos humanos, debendo especificarse nos recadros existentes para o efecto cando se trata dun cadáver ou de resto humano.
- Como norma xenérica considerarase como **CORPO-CADÁVER** o tronco humano coas súas correspondentes extremidades, cando están unidas total ou parcialmente a aquel. Consideraranse **RESTOS HUMANOS** as extremidades do tronco (cabeza, pernas, brazos, etc.), cando foron separadas deste, ou as partes mutiladas del.
- A cada cadáver ou resto colocaráselle, *sempre que sexa posible*, unha **brida ou pulseira** cunha etiqueta adherida, co número e cor que se indica nos dous puntos seguintes. Se, por calquera razón, no for posible suxeitalle a brida, poderase substituír por unha das etiquetas adhesivas.
- No caso de **CADÁVERES** utilizaranse unhas etiquetas de cor **negra**, que xa levarán impresas os equipos actuantes, nas cales figurará o nome clave que se asigne ao lugar do suceso, a letra "**C**", correspondente a **cadáver**, e o **número de levantamento** correspondente. Exemplo - "**ATOCHA**" **C** – **001**.
- Igualmente, no caso de **RESTOS** utilizaranse unhas etiquetas de cor **vermella**, que xa levarán impresas os equipos actuantes, nas cales figurará o nome clave que se asigne ao lugar do suceso, a letra "**R**", correspondente a **resto**, e o **número de levantamento** correspondente. Exemplo - "**ATOCHA**" **R** – **001**.

Tanto os **cadáveres** como os **restos humanos grandes** se introducirán, para o seu traslado, individualmente, nas bolsas-sudario proporcionadas polas funerarias ou servizos de emerxencia. Colocaráselles a pegatina correspondente (**vermella** ou **negra**) e, se for necesario, tamén se poderán utilizar **bridas** para referenciar as bolsas sudario. Os restos máis pequenos irán nas **bolsas individuais e independentes para cada resto** proporcionadas para tal fin. Todos os restos irán acompañados do seu formulario correspondente. Cando estes restos se transporten ou introduzan en contedores ou bolsas comúns para o seu traslado, haberá que completar a **Acta de relación de restos humanos** e etiquetarase a bolsa común coa súa correspondente **etiqueta verde**.

- Tanto para cadáveres como para restos humanos se adherirá unha etiqueta tanto no orixinal como na copia do documento, no espazo reservado para tal efecto.
- Iranse completando todas as partes do formulario, tanto para os cadáveres como para os restos humanos, tendo en conta as seguintes consideracións:
 - o Especificarase no campo "**LUGAR**" o sitio onde se produza o suceso, de tal maneira que quede perfectamente feita a referencia ao dito lugar.
 - o No campo "**SITUACIÓN NO LUGAR**" especificarase o sitio específico, dentro do cuadrulado ou división por zonas que se realizase do lugar do suceso, de tal maneira que quede perfectamente situado o lugar onde se achaba o cadáver ou resto humano.
 - o O campo "**DESCRIPCIÓN XERAL**" completarase, tanto para cadáveres como para restos humanos, coa descrición xeral do estado do cadáver, así como dos efectos persoais que porte, tendo en conta que se existen datos dunha posible filiación se consignarán no campo destinado para tal efecto.
 - o No campo de "**DATOS DA DOCUMENTACIÓN QUE PORTE OU POSIBLE FILIACIÓN**", consignarase os datos da documentación que porte o cadáver. Tamén se consignarán os datos dunha posible filiación que por algún motivo se puidese ter. Neste caso, ao non se ter atopado documentación, anotarase esta incidencia no recadro "SEN DOCUMENTACIÓN". Este recadro tamén se deberá cubrir no caso de que o cadáver careza de todo tipo de documentación.
 - o Tomaranse "in situ" as impresións dos índices dereito e esquerdo, no caso dos cadáveres, consignándose, en caso de que non se poida tomar algún deles, o motivo polo que non pode tomarse. Como regra de substitución, no caso de ausencia do dedo índice, tomaranse por esta orde: o dedo medio, o anular, auricular e polgar.

Se o resto humano corresponder a unha man ou un brazo (ou unha parte destes), tomaranse as impresións dactilares do dedo índice de que se trate ou do dedo que corresponda de substitución, facéndose constar no formulario esta circunstancia: primeiro indicando que o dedo índice non se tomou, o motivo polo cal non se toma, e o dedo de substitución - **debendo quedar constancia de se a falta do/s dito/s dedo/os é ante mortem ou post mortem**-. En ambos os casos tomaranse as impresións por duplicado.

- Unha vez completado o formulario, **a copia deste**, xunto cunha copia das impresións tomadas dos dous dedos índices no acetato "**NECRO ADXUNTA AO PROTOCOLO**", introduciranse nunha bolsa hermética transparente que permita ler o contido da copia do formulario e visualizar as impresións dactilares, e introducirase na bolsa sudario xunto co cadáver e os efectos persoais que portase encima o cadáver, que igualmente irán referenciados co mesmo número de levantamento de cadáver ou resto humano.

- Para a recollida dos efectos persoais das vítimas seguirase o criterio seguinte: todos os efectos persoais que porte encima o cadáver, é dicir, que leve con el, serán recollidos, examinados, de cara a establecer posibles identidades, e gardados nunha bolsa hermética, de ser posible transparente, que se etiquetará polo exterior, etiquetándose tamén o obxecto introducido, todo isto co número de levantamento que lle corresponda ao cadáver, e será introducida na bolsa sudario onde se traslada o corpo, de tal maneira que os ditos efectos irán xunto co cadáver á zona de depósito.
- **O orixinal do formulario** introducirase igualmente nunha bolsa hermética transparente que permita ler o contido do formulario e visualizar as impresións dactilares, e quedará en poder dos equipos IVD das FF.CC. de seguranza do Estado, para dar inicio aos traballos de identificación.
- As etiquetas sobrantes introduciranse noutra bolsa hermética transparente e introduciranse na bolsa sudario ou na bolsa de restos humanos, segundo o caso.
- Os efectos persoais que aparezan dispersos e illados, é dicir, os que non porte encima ningún cadáver, serán recollidos de forma individual e introducidos en bolsas de plástico individuais e independentes. Para iso, confeccionarase a **ACTA DE RELACIÓN DE OBXECTOS (anexo III)**. Trátase dun documento autocopiativo, no cal se fará referencia á zona onde foron achados os obxectos, unha descrición breve destes, o seu contido e, en especial, os posibles documentos de identidade ou datos de filiación que poida conter o dito obxecto. Igualmente, farase referencia aos corpos ou restos humanos que se encontraban na dita zona. Cada obxecto e a súa bolsa etiquetaranse de forma ordenada mediante o uso de etiquetas de cor **azul** nas que figurará o nome clave que se asigne ao lugar do suceso, a palabra **"Obxecto"**, e o **número de levantamento do obxecto** correspondente. Exemplo: **"ATOCHA" Obxecto – 001**. Faranse cargo deles os equipos IVD das FF.CC. de seguranza do Estado, coa finalidade de levar constancia dos diferentes obxectos que poidan aparecer no lugar e que se recollesen, **sacar datos de identidade** de posibles vítimas e asegurar o control de calquera obxecto ou efecto sospeitoso, especialmente nos casos de actuacións criminais ou terroristas.

* **NOTA:** Todo este proceso, como é costume, debe ser fixado tanto con fotografía como con vídeo, levantándose os correspondentes planos e bosquexos, situando todos os corpos, restos humanos e efectos/obxectos que sexan significativos.

INSTRUCCIÓN ANEXO II

ACTA DE RELACIÓN DE RESTOS HUMANOS

INSTRUCCIÓN PARA CONFECCIONALA

- Trátase dun documento autocopiativo, con orixinal e copia.
- Será cuberta polos equipos de identificación de vítimas en grandes catástrofes (IVD) das FF.CC. de seguranza do Estado.
- Utilizarase cando **os restos humanos** que se vaian recollendo de forma independente, segundo o **formulario de levantamento de cadáveres ou restos humanos (anexo I)**, sexan **introducidos en bolsas ou contedores comúns** para o seu traslado.
- A dita bolsa ou contedor común individualizarase de forma independente. Para iso utilizaranse unhas etiquetas de cor **verde**, que xa levarán impresas os equipos IVD actuantes, nas cales figurará o nome clave asignado ao lugar do suceso, a palabra **"BOLSA"**, e o **número asignado á bolsa ou contedor común**. Exemplo: **"ATOCHA" BOLSA – 01**.
- O número asignado á bolsa ou contedor común será o que se pegará na acta de relación de restos humanos, tanto no orixinal como na copia do impreso, no espazo reservado para tal efecto.
- Tamén se deberán utilizar, no posible, bridas co número de bolsa, xa que son máis seguras que a propia pegatina adherida á bolsa ou contedor común.
- Na parte correspondente a **"RELACIÓN DE RESTOS HUMANOS"** irase dando unha referencia aos diferentes restos que se introducen na bolsa ou contedor común. Para iso utilizaranse as etiquetas, do tamaño adecuado, xa deseñadas, correspondentes a **"RESTOS"**, de tal maneira que se irá adherindo o número asignado ao resto no espazo reservado como **"Nº ETIQUETA RESTO HUMANO"**, describíndose de forma breve e concisa o tipo de resto de que se trate no campo **"DESCRIPCIÓN DO RESTO"**.
- Unha vez confeccionada a ACTA, a copia desta introducirase nunha bolsa hermética transparente que permita ler o seu contido, e introducirase na bolsa ou contedor común de resto.
- O orixinal da ACTA quedará en poder dos equipos IVD das FF.CC. de seguranza do Estado.

INSTRUCCIÓN ANEXO III

ACTA DE RELACIÓN DE OBXECTOS

INSTRUCCIÓN PARA CONFECCIONALA

- Trátase dun documento autocopiativo, con orixinal e copia.
- Será cuberto polos equipos de identificación de vítimas en grandes catástrofes (equipos IVD) das FF.CC. de seguranza do Estado.
- Utilizarase para a recollida dos efectos persoais que aparezan dispersos e illados, é dicir, os que non porte encima ningún cadáver. Serán recollidos de forma independente e introducidos en bolsas de plástico individuais. Para levar unha relación dos obxectos atopados e recollidos confeccionaranse as **ACTAS DE RELACIÓN DE OBXECTOS (anexo III)**. Os obxectos iran etiquetando de forma ordenada mediante o uso de etiquetas de cor **azul** nas que figurará o nome clave que se asigne ao lugar do suceso, a palabra **"Obxecto"**, e o **número de levantamento do obxecto** correspondente. Exemplo: **"ATOCHA" Obxecto – 001**. Faranse cargo deles os equipos IVD das FF.CC. de seguranza do Estado, coa finalidade de levar constancia dos diferentes obxectos que poidan aparecer no lugar e que se recollen, **sacar datos de identidade** de posibles vítimas e asegurar o control de calquera obxecto ou efecto sospeitoso, especialmente nos casos de actuacións criminais ou terroristas.
- Cada acta está deseñada para referenciar cinco obxectos. No campo **"NÚMERO"** consignarase o número asignado a cada obxecto, debéndose utilizar para a súa consignación as etiquetas adhesivas, xa numeradas e do tamaño adecuado, que se adherirán ao espazo sombreado, xa determinado para ela.
- No campo **"DESCRIPCIÓN DO OBXECTO/ CONTIDO/ SITUACIÓN NO LUGAR"** describirase **de forma breve** o obxecto en cuestión, o seu contido, se o tiver, sendo de especial interese **consignar os posibles documentos de identidade ou datos de filiación** que poida conter o dito obxecto. Igualmente, sinalarase o lugar do seu achado, facendo referencia dos corpos ou restos humanos que se encontren na dita zona, próximos a el.
- Cando os obxectos en cuestión sexan trasladados de forma común ata as dependencias policiais que se determinen, farase entrega da copia da acta, para que acompañe cada grupo de CINCO obxectos, quedando o orixinal en poder do equipo que realizou o levantamento dos ditos obxectos.



MINISTERIO
DE XUSTIZA
MINISTERIO
DO INTERIOR

ANEXO IV

ACTA DE TRASLADO AO
DEPÓSITO

PROTOCOLO NACIONAL DE
ACTUACIÓN MÉDICO-FORENSE E DE
POLICÍA CIENTÍFICA EN SUCESOS
CON VÍTIMAS MÚLTIPLES



BIOPERIGOSO

CADÁVERES RESTOS HUMANOS

DATA:

LUGAR/ORIXE PROCEDENCIA:

Relación de cadáveres ou bolsas con restos humanos que se trasladan ao depósito

etiqueta cadáver ou bolsa con restos humanos
etiqueta cadáver ou bolsa con restos humanos
etiqueta cadáver ou bolsa con restos humanos
etiqueta cadáver ou bolsa con restos humanos
etiqueta cadáver ou bolsa con restos humanos
etiqueta cadáver ou bolsa con restos humanos
etiqueta cadáver ou bolsa con restos humanos
etiqueta cadáver ou bolsa con restos humanos

O funcionario responsable da **ÁREA DE LEVANTAMENTO DE CADÁVERES**, con carné profesional nº _____, entrega ao responsable do traslado ao depósito os cadáveres ou bolsas con restos humanos que se relacionan.

Data: __/__/____
Hora: _____

Sinatura (entrega)

O **RESPONSABLE DO TRASLADO**, con DNI nº _____, recibe os cadáveres ou bolsas con restos humanos que se relacionan.

Sinatura (recibín)

Fai entrega deles ao **RESPONSABLE DA ÁREA DE RECEPCIÓN DE CADÁVERES DO DEPÓSITO**

Data: __/__/____
Hora: _____

Sinatura (entrega)

O **RESPONSABLE DA ÁREA DE RECEPCIÓN DE CADÁVERES DO DEPÓSITO**, con carné profesional/DNI. nº _____, recibe os cadáveres ou bolsas con restos humanos que se relacionan, e faise cargo deles.

Sinatura (recibín)



MINISTERIO
DE XUSTIZA
MINISTERIO
DO INTERIOR

ANEXO V

PROTOCOLO NACIONAL DE
ACTUACIÓN MÉDICO-FORENSE E DE
POLICÍA CIENTÍFICA EN SUCESOS
CON VÍTIMAS MÚLTIPLES

**FORMULARIO DA ÁREA DE
DEPÓSITO DE CADÁVERES E
RESTOS HUMANOS EN SUCESOS
CON VÍTIMAS MÚLTIPLES**

CADÁVER

RESTO

Nº DE LEVANTAMENTO

Nº DO IML

DATA	HORA	LUGAR DE PROCEDENCIA	ÓRGANO XUDICIAL

VERIFICACIÓN DO FORMULARIO DE LEVANTAMENTO QUE ACOMPAÑA O CADÁVER E/OU RESTO

CADÁVER	ESTADO	SEXO	RESTO HUMANO
Nº ETIQUETA BOLSA	COMPLETO <input type="checkbox"/> INCOMPLETO <input type="checkbox"/>	MASCULINO <input type="checkbox"/> FEMININO <input type="checkbox"/> NENO <input type="checkbox"/>	Nº ETIQUETA BOLSA

AO INICIO DA AUTOPSIA

IDENTIFICADO DACTILARMENTE

Nº EQUIPO

NON IDENTIFICADO DACTILARMENTE

NOME: APELIDO 1: APELIDO 2:
 NACIONALIDADE DNI PASAPORTE NIE Nº

AUTOPSIA

TRÍPTICO POST MORTEM

NECRORREFERENCIA

PREPARACIÓN DO CADÁVER

ESTUDO RADIOLÓXICO

EXAME EXTERNO

EXAME ODONTOLÓXICO

EXAME INTERNO

RECOLLIDA DE MOSTRAS PARA ADN. CUBRIR ACTA OFICIAL PARA TOMAS DE MOSTRAS POST MORTEM DE ADN:

OUTRAS MOSTRAS. ESPECIFICAR:

DATOS ANTE MORTEM SIGNIFICATIVOS:

CAUSA FUNDAMENTAL DA MORTE: CAUSA INMEDIATA:
DATA:

EFFECTOS PERSOAIS SI
NON

PASA A ZONA DE CONSERVACION E CUSTODIA O DÍA ÁS HORAS
TIPO DE CONSERVACIÓN:
OBXECTOS PERSOAIS RELACIONADOS EN IMPRESO ADXUNTO
DESTINO DOS OBXECTOS PERSOAIS:

REMÍTESE TODA A DOCUMENTACIÓN AO CENTRO DE INTEGRACIÓN DE DATOS, QUE O CONSIDERA
 IDENTIFICADO NON IDENTIFICADO

OBSERVACIÓNS:

DATA DE SAÍDA	HORA DE SAÍDA	DESTINO	FUNERARIA	SINATURA RESPONSABLE ENTREGA

SINATURA DO XEFE DE SERVIZO DE PATOLOXÍA OU MÉDICO FORENSE DELEGADO

ANEXO V

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O FORMULARIO ÁREA DE DEPÓSITO

En todo cadáver ou resto que ingrese no IML procedente dun suceso, deberáselle incorporar este documento á documentación procedente do levantamento.

No momento do ingreso, no recadro Nº DO IML, deberase cubrir, de forma correlativa a todos os cadáveres ou restos en orde de chegada, o número do IML que corresponda, respectando a orde de arquivo deste.

Deberán cubrirse de forma cronolóxica todos os campos do anexo da seguinte maneira:

- Data, hora, lugar de procedencia e órgano xudicial: consignar.
- Verificación formulario de levantamento: Si, Non.
- Identificado: ríscase o cadrado que corresponda, anotando o número de equipo.
- Se está identificado, escríbese nome e apelidos, nacionalidade, tipo de documento e número.
- Necrorreferencia: Si, Non. Fotografías identificativas: Si, Non. Estudo radiográfico: Si, Non. Estudo odontolóxico: Si, Non. Reportaxe fotográfica: Si, Non.
- Recollida de mostras para ADN, especificar qué mostras se recollen. Para a recollida complementarase a acta oficial para as tomas de mostras post mortem de ADN. Outras mostras: especificar qué mostras e qué análises se van solicitar.
- Datos ante mortem significativos: describir de forma resumida.
- Autopsia: Si, Non. Tríptico post mortem: Si, Non.
- Causa fundamental da morte e data: indicar.
- Efectos persoais: Si, Non.
- Sinatura do forense que realizou as operacións cadavéricas.
- Cubrir o seguinte campo, especificando Si ou Non hai obxectos persoais.
- Marcar cunha cruz a situación de identificado ou non identificado.
- Observacións: as que procedan.
- Consignar data de saída, hora de saída, destino, funeraria e sinatura do responsable de entrega, que será o funcionario responsable da área de custodia.
- Sinatura do xefe do Servizo de Patoloxía ou médico forense delegado.

PROTOCOLO NACIONAL DE
ACTUACIÓN MÉDICO-FORENSE E DE
POLICÍA CIENTÍFICA EN SUCESOS
CON VÍTIMAS MÚLTIPLES

ANEXO VI.1

MINISTERIO
DE JUSTIZIA
MINISTERIO DO
INTERIOR

FORMULARIO DE TRABALLO - CADÁVERES IDENTIFICADOS DACTILARMENTE

CADÁVER NÚM. :
núm. levantamento / núm. IML

DATA:
LUGAR:
Nº EQUIPO DE AUTOPSIA:

	FORENSES	HORA (inicio / fin)	OBSERVACIÓNS
1.- PRÁCTICA DE AUTOPSIA			
1.1 ESTUDO RADIOLÓXICO			
1.2 EXAME EXTERNO			
1.3 EXAME INTERNO			
1.4 RECOLLIDA MOSTRAS ADN			

ANEXO VI.1

INSTRUCCIÓN FORMULARIO DE TRABALLOS QUE SE DEBERÁN REALIZAR EN CADÁVERES IDENTIFICADOS DACTILARMENTE

Deberá cubrirse en todos aqueles cadáveres que ingresan na área de depósito e que foron identificados dactilamente na zona do levantamento, así como naqueles que o sexan da mesma forma na área de depósito:

- É obrigatoria e fundamental a referencia do número de levantamento e o do IML. Verificarase o asignado no anexo V, que corresponderá ao correlativo dentro do arquivo do IML correspondente, así como a data, lugar de procedencia do suceso e equipo de autopsia.
- Cando o médico forense actuante o considere suficiente e estea diagnosticada a causa da morte, poderase limitar a cubrir o punto 1.3, onde de forma resumida se describirán as lesións que determinaron a causa da morte, nas observacións.
- Cando non se cumplan as condicións do parágrafo anterior, os diferentes campos deste anexo serán cubertos e asinados polo/s médicos forenses encargados da realización de cada unha das operacións que se indican neste anexo.
- Obrigatoriamente procederase á toma de mostras para ADN completando a acta oficial para tomas de mostras post mortem de ADN, anexo VII.2.
- Igualmente, no campo das observacións consignaranse aquelas incidencias que condicionen a non realización dalgún dos estudos ou exames cando se considerase necesaria a súa realización. (Por exemplo, considérase necesario realizar radioloxía do cadáver, pero o equipo de raios está estropeado)

PROTOCOLO NACIONAL DE
ACTUACIÓN MÉDICO-FORENSE E
DE POLICÍA CIENTÍFICA EN
SUCEOS CON VÍTIMAS
MÚLTIPLES

ANEXO VI.2

FORMULARIO DE TRABAJO - CADÁVERES SEN IDENTIFICAR DACTILARMENTE



CADÁVER NÚM. :
núm. levantamento / núm. I.M.L.

DATA:
LUGAR:
Nº EQUIPO DE AUTOPSIA:

1.- OBTENCIÓN DA NECRORREFERENCIA	EQUIPO IVD	HORA (inicio / fin)	OBSERVACIÓN				
				FORENSES	RECOMPILACIÓN DATOS EQUIPO IVD	HORA (inicio / fin)	OBSERVACIÓN
2.- PRÁCTICA DE AUTOPSIA							
2.1 PREPARACIÓN CADÁVER							
2.2 ESTUDO RADIOLÓXICO							
2.3 EXAME EXTERNO							
2.4 EXAME ODONTOLÓXICO							
2.5 EXAME INTERNO							
2.6 RECOLLIDA MOSTRAS ADN							

ANEXO VI.2

INSTRUCCIÓN FORMULARIO DE TRABALLOS QUE SE DEBERÁN REALIZAR EN CADÁVERES SEN IDENTIFICAR DACTILARMENTE

Deberá cubrirse en todos aqueles cadáveres que ingresan na área de depósito e que **non** fosen identificados dactilamente:

- É obrigatoria e fundamental a indicación do número de levantamento e o do IML. Verificarase o asignado no anexo V, que corresponderá ao correlativo dentro do arquivo do IML correspondente, así como a data, lugar de procedencia do suceso e equipo de autopsia.
- Os diferentes campos deste anexo serán cubertos e asinados polo/s médico/s forense encargado/s da realización de cada unha das operacións que se indican neste anexo. No campo de observacións indicaranse os datos identificativos e incidencias.
- Así mesmo, asinarán os funcionarios dos equipos IVD que auxiliasen o médico forense en cada unha das operacións da realización da autopsia, así como no campo de necrorreferencia.
- Obrigatoriamente procederase á toma de mostras para ADN, completando a acta oficial para a toma de mostras post mortem de ADN, anexo VII.2.
- Igualmente, no campo das observacións consignaranse aquelas incidencias que condicionen a non realización dalgún dos estudos ou exames QUE É OBRIGATORIO realizar neste tipo de cadáveres sen identificar dactilamente (por exemplo, non se puido realizar a toma da necrorreferencia porque o estado do cadáver non o permite, ou non se puido realizar o estudo radiolóxico do cadáver, porque o equipo de raios está estropeado)



MINISTERIO
DE XUSTIZA
MINISTERIO
DO INTERIOR

ANEXO VII .1

RECOMENDACIONES PARA A RECOLLIDA E REMISIÓN DE MOSTRAS CON FINS DE IDENTIFICACIÓN XENÉTICA EN SUCESOS CON VÍTIMAS MÚLTIPLES

PROTOCOLO NACIONAL DE
ACTUACIÓN MÉDICO-FORENSE E DE
POLICÍA CIENTÍFICA EN SUCESOS
CON VÍTIMAS MÚLTIPLES

INTRODUCCIÓN

A análise de ADN é unha ferramenta esencial na identificación de vítimas nun suceso con vítimas múltiples, en especial cando existe un alto grao de fragmentación dos cadáveres, xa que, ademais de permitir a súa identificación, posibilita levar a cabo de forma sistemática estudos de reasociación de restos humanos e cadáveres. A recollida de mostras con fins de identificación xenética é, por tanto, unha fase de especial transcendencia do complexo proceso da identificación forense que debe ser realizada por persoal especializado seguindo unha serie de recomendacións que afectan:

- A identificación e documentación das mostras
- O procedemento de recollida e as precaucións que deben tomarse
- A cadea de custodia

Na actualidade os estudos de ADN están baseados na análise comparativa entre perfís xenéticos obtidos:

- Da toma de **mostras post mortem** procedentes dos cadáveres e restos humanos
- Da toma de **mostras de referencia (ante mortem e familiares)** necesarias para a súa identificación.

1.- RECOLLIDA DE MOSTRAS PARA ANÁLISE DE ADN

A recollida de mostras en casos de sucesos con vítimas múltiples realizarase normalmente en dous escenarios distintos:

- *A área de depósito de cadáveres*, lugar onde se recollen as mostras procedentes dos cadáveres e dos restos humanos aparecidos no escenario do desastre.
- *O centro de asistencia aos familiares*, lugar onde se recollen as mostras de referencia (de familiares ou ante mortem) necesarias para a identificación dos restos humanos.

Nalgúns casos, cando hai indicios de que o suceso pode ser provocado, algunhas mostras e vestixios biolóxicos poden ser recollidos directamente no *escenario do sinistro*.

1. RESTOS HUMANOS

A complexidade na recollida das mostras post mortem vai depender de diversos factores tales como o número de vítimas, o grao de fragmentación dos cadáveres e o estado de conservación destes.

Non obstante e con independencia da complexidade que poida presentar a recollida de mostras, é desexable recoller mostras para análise de ADN de todos os cadáveres e dos restos humanos que se estime oportuno segundo as características do suceso, para poder garantir, por un lado, a posibilidade de realizar estudos de reasociación entre restos humanos e cadáveres e, por outro lado, realizar estudos complementarios sempre que xurdan dúbidas ou discrepancias con outros métodos de identificación (dactiloscópicos, odontolóxicos etc.).

1.1. Identificación das mostras

Todos os cadáveres e restos humanos obtidos na escena do suceso deben ser identificados mediante un sistema único e sinxelo, que se manterá invariable ao longo de todo o proceso, para evitar erros.

Este sistema incluírá a identificación dada ao cadáver no levantamento e no IML. Se dun cadáver ou resto humano for necesario recoller varias mostras, a cada unha delas asignaráselle un número correlativo:

Número levantamento / Número IML / Número mostra ADN

1.2. Documentación e material gráfico

- Fotografaranse ou documentaranse graficamente os cadáveres e restos humanos, antes de realizar a toma de mostras.

- Utilizarase un formulario estandarizado (***Formulario oficial para a toma de mostras post mortem de ADN***) para describir o resto humano e o tipo de mostra recollida del, cunha breve descrición.

Se for necesario recoller máis dunha mostra do cadáver ou fragmento humano, é conveniente indicalas todas no mesmo formulario.

- Observarase a cadea de custodia.

1.3. Equipo de recollida e manexo de mostras

A recollida de mostras debe ser feita durante a autopsia ou con posterioridade a ela polo médico forense coa colaboración de persoal adestrado e con experiencia na toma de mostras para análise de ADN.

Os membros do equipo deben extremar as precaucións para evitar ou minimizar o risco de contaminación, tanto exóxena como cruzada, que pode producirse durante o proceso. Para iso deben ir equipados con roupa protectora (luvas, máscara, batas ou mono etc.) e sempre que sexa posible deben utilizar material estéril ou ben dispor dos medios necesarios para realizar unha limpeza adecuada do material e das superficies de traballo (p.e., unha solución de lixivia comercial ao 10% ou alcohol). (***Ver anexo***)

1.4. Tipo de mostras máis adecuado para a análise xenética

O tipo de mostra máis adecuado para a análise de ADN vén determinado polas características do suceso e o estado dos restos humanos. As máis frecuentes son:

- *Músculo esquelético*, especialmente cando dispoñemos de cadáveres completos
- *Fragmentsos de órganos*
- *Pel*
- *Sangue*

Cando os restos humanos están putrefactos, é máis adecuada a recollida *de pezas dentais, ósos* ou *uñas* (indistintamente das mans ou dos pés).

En casos de incendios, dependendo do estado de carbonización, pode recollese *músculo esquelético* de zonas profundas ou *sangue semisólido* das cavidades cardíacas. Se a carbonización é severa, recolleranse *ósos, pezas dentais* ou *uñas* (os menos afectados).

1.5. Procedemento de recollida

- *Músculo esquelético, órganos e pel*: recollerase un fragmento de 10-15 g das zonas mellor conservadas que se introducirá nun frasco de plástico de boca ancha con peche hermético ou con peche de rosca precintado, que se manterá refrixerado ata a súa chegada ao laboratorio.

As mostras para análise xenética nunca deben ser recollidas nin almacenadas en líquido fixador (p.e. formaldehído)

- *Sangue*: recolleranse de 5 a 10 ml nun tubo con anticoagulante tipo EDTA. Este tubo deberá introducirse nunha bolsa ou tubo de transporte correctamente precintado, que se manterá refrixerado ata a súa chegada ao laboratorio.

Se se require sangue para a realización doutro tipo de análises (p.e., toxicolóxica), deberán recollese mostras adicionais.

- *Pezas dentais*: recolleranse de 2 a 6 pezas que non estean danadas nin restauradas, que se introducirán nun frasco de plástico de boca ancha ou nunha bolsa correctamente precintada.

- *Ósos*: recollerase, se é posible, un óso longo descarnado, que se introducirá nunha bolsa correctamente precintada.

- *Uñas*: recolleranse as uñas, envolveranse por separado en papel absorbente e introduciranse nunha bolsa correctamente precintada.

2. MOSTRAS DE REFERENCIA DE FAMILIARES

2.1. Identificación das mostras

Igual que cos restos humanos, a identificación dos familiares debe realizarse mediante un sistema único e sinxelo, que se manterá invariable ao longo do proceso.

2.2. Documentación

- Utilizarase un formulario estandarizado (***Formulario oficial para a toma de mostras de referencia de ADN dos familiares***) no que estea incluído “o consentimento” da persoa que cede a mostra, así como a garantía do uso restrinxido da mostra e a confidencialidade do resultado.

Este formulario sempre terá que estar asinado pola persoa que fornece a mostra.

- Confirmaranse os datos do doador mediante o DNI ou o pasaporte, cando sexa posible. Cando sexa necesario realizarase unha fotocopia deste que se xuntará ao formulario.

- Documentarase de forma clara a relación de parentesco entre o doador e a vítima, mediante unha árbore xenealóxica onde quede ben establecida a relación, sen que esta poida dar lugar a equívocos.

- Observarase a cadea de custodia

- Cubrirase un formulario (***Formulario oficial de familiares dispoñibles para a toma de ADN***) no que consten os *familiares dispoñibles* por se é necesario recorrer a outras mostras.

2.3. Equipo de recollida e manexo das mostras

O equipo de recollida de mostras de referencia debe estar constituído por persoas formadas e adestradas non só para recoller as mostras senón para informar os familiares, coa maior sensibilidade posible, do uso que se vai dar ás mostras, do tipo de análises que se vai realizar, do tempo estimado ata a obtención de resultados etc. Ademais, o dito equipo deberá avaliar qué familiares son os máis adecuados como doadores e mesmo en qué casos é máis apropiada a utilización de mostras de referencia directas.

Deben ir equipados de luvas e bata protectora e usar o material adecuado para levar a cabo a recollida, tendo en conta que o número de mostras pode ser moi elevado.

2.4. Familiares máis adecuados

O familiares máis adecuados para proceder á identificación son os seguintes, por orde de prioridade:

2.4.1. Ascendentes e descendentes directos. Para estudos de paternidade con marcadores STR autosómicos.

- *Pai e nai biolóxicos do falecido.* Se non é posible obter mostras de ambos os pais, pódese realizar a proba unicamente con un deles.

- *Cónxuxe e fillos do falecido.* Se non é posible obter mostras do cónxuxe, pódese realizar a proba unicamente cos fillos.

2.4.2. Irmáns do falecido. Con estes familiares redúcese bastante o poder de discriminación. Se a vítima é un home é máis recomendable a obtención de mostras de irmáns de sexo masculino para investigar a liña paterna mediante marcadores de cromosoma Y, ademais da liña materna mediante ADN mitocondrial.

2.4.3. Outros familiares. Se non é posible obter mostras dos familiares anteriormente descritos, é recomendable a obtención de mostras de familiares que manteñan a liña paterna e/ou materna.

2.5. Tipo de mostras e procedemento de recollida

- **Saliva:** recolleranse dous hisopos con mostra indubitada de saliva, pasándoos pola parte interna das meixelas.

É recomendable utilizar kits específicos, nos que todos os componentes sexan de cartón e por tanto permitan o secado dos hisopos, ben preservados, a temperatura ambiente. Se non é posible dispor destes kits, a mostra de saliva pode ser recollida con hisopos estériles que introduciremos nas súas carcacas de plástico, ben precintadas, tendo a precaución de mantelas refrixeradas ata a súa chegada ao laboratorio. Se non se pode manter refrixerada, deixarase secar, nun lugar protexido de posibles contaminacións, antes de introducila na carcaca de plástico.

- **Sangue:** recolleranse 2-3 gotas de sangue obtidas por punción dactilar, sobre tarxetas especiais para a dita recollida. Recoméndase a utilización de kits.

3. MOSTRAS DE REFERENCIA ANTE MORTEM

Outra estratexia de análise é o uso de *mostras ante mortem do falecido* que poden proceder do ámbito familiar ou de centros hospitalarios.

3.1. Identificación das mostras

A identificación das mostras de referencia ante mortem debe realizarse mediante un sistema único e sinxelo, que se manterá invariable ao longo do proceso.

3.2. Documentación

- Utilizarase un formulario estandarizado (***Formulario oficial para a toma de mostras de referencia de ADN ante mortem***) no que se describa a mostra ou mostras achegadas, especificando claramente a correlación existente entre a/s dita/s mostra/s e a vítima.

- Especificaranse os datos da persoa que fornece a/s mostra/s.

- Observarase a cadea de custodia

3.3. Equipo de recollida e manexo de mostras

O equipo debe estar constituído por persoas formadas e adestradas para a recollida de mostras que poidan informar os familiares, coa sensibilidade adecuada, do uso que se vai dar ás mostras, do tipo de análises que se vai realizar, do tempo estimado para a obtención de resultados etc. Ademais, o dito equipo deberá avaliar qué mostras son as máis adecuadas para a análise.

Deben ir equipados de luvas e bata protectora e usar o material adecuado para levar a cabo a recollida, tendo en conta que o tipo de mostras achegado pode ser moi variado.

3.4. Tipo de mostras e procedemento de recollida

3.4.1. *Mostras do ámbito familiar*

- Cepillos de dentes
- Navallas e/ou máquinas de afeitar

- Peites e cepillos de pelo
- Roupa interior
- Pezas dentais extraídas previamente (dentes de leite)
- Outras mostras

3.4.2. *Mostras de centros hospitalarios*

- Sangue almacenado en hospitais
- Biopsias
- Citoloxías ou frotis
- Outras mostras

As mostras deben ser recollidas de forma individual, en recipientes adaptados ao seu tamaño e, sempre que sexa posible, de papel ou cartón. Todos os recipientes deben estar ben precintados, podendo manterse a temperatura ambiente durante a súa recollida e transporte.

2.- PRESERVACIÓN DAS MOSTRAS

As mostras deben ser correctamente envasadas para garantir unha adecuada preservación ata a súa chegada ao laboratorio. Para iso é conveniente seguir as seguintes recomendacións xerais:

- Empaquetar as mostras de forma individual
- Utilizar recipientes con peche irreversible ou dobre envase, especialmente cando se trate de fluídos biolóxicos
- Precintar os recipientes utilizados
- Manter sempre por separado as mostras dubitadas e as mostras de referencia.

Todos os recipientes utilizados para o envasado de mostras deben estar correctamente etiquetados e coa cadea de custodia consignada.

3.-CADEA DE CUSTODIA

Tanto nos formularios de recollida de mostras (dubitadas e de referencia) como nos recipientes utilizados para o envasado das ditas mostras debe existir un espazo dedicado á cadea de custodia, que sempre debe ser correctamente consignado.

Nos formularios, os datos específicos que deben constar son:

- O código asignado á mostra
- O número de precinto do envase
- A data e hora da toma
- O nome ou identificación da persoa que realiza a toma
- O nome ou identificación da persoa que chequea a toma

Nos envases primarios e/ou secundarios, os datos específicos que deben constar son:

- A data da toma
- O nome ou identificación e sinatura da persoa que realiza a toma.

MATERIAL NECESARIO PARA A RECOLLIDA DE MOSTRAS POST MORTEM

Material de protección

Luvas
Máscaras
Monos ou batas dun só uso
Lentes

Material de recollida

Formularios para mostras post mortem
Tubo con anticoagulante tipo EDTA
Botes estériles de peche hermético ou de rosca
Bolsas de plástico de distinto tamaño con precinto
Bolsas de papel de distintos tamaños
Precintos
Etiquetas
Pinzas estériles ou dun só uso
Bisturís estériles ou dun só uso
Papel absorbente
Auga destilada e alcohol
Rotuladores indelebles
Contedores para residuos

MATERIAL NECESARIO PARA A RECOLLIDA DE MOSTRAS DE REFERENCIA

Material de protección

Luvas
Máscaras
Batas dun só uso
Lentes

Material de recollida

Formularios para mostras dubitadas
Kit para a recollida de mostras indubitadas de saliva
Kit para a recollida mostras indubitadas de sangue
Hisopos estériles en seco
Botes estériles de peche hermético ou de rosca
Bolsas de distintos tamaños con precinto
Precintos
Etiquetas
Alcohol, gasas e algodón
Rotuladores indelebles
Contedores para residuos



MINISTERIO
DE XUSTIZA
MINISTERIO
DO INTERIOR

ANEXO VII.2

FORMULARIO OFICIAL PARA A TOMA DE
MOSTRAS POST MORTEM DE ADN

PROTOCOLO NACIONAL DE
ACTUACIÓN MÉDICO-FORENSE E
DE POLICÍA CIENTÍFICA EN
SUCEOS CON VÍTIMAS
MÚLTIPLES

CÓDIGO DE MOSTRA:

ESCENARIO:

DESCRIPCIÓN DO CADÁVER / RESTO HUMANO:

TIPO DE MOSTRA RECOLLIDA	CÓDIGO	Nº PRECINTO (*)

(Manter as mostras refrixeradas ata a súa chegada ao laboratorio)

OBSERVACIÓNS:

Data e hora da toma:

Recollido por (nome ou identificación):

Comprobado por (nome ou identificación e sinatura):

(*) As mostras procedentes do mesmo resto cadavérico introducíranse en envases primarios separados pero, sempre que sexa posible, no mesmo envase secundario (bolsa con precinto único)

MINISTERIO
DE XUSTIZA**ANEXO VII. 3**FORMULARIO OFICIAL DE
FAMILIARES DISPONIBLES
PARA A TOMA DE ADNPROTOCOLO NACIONAL DE
ACTUACIÓN MÉDICO-FORENSE
E DE POLICÍA CIENTÍFICA EN
SUCEOS CON VÍTIMAS
MÚLTIPLES**DATOS DA VÍTIMA****NOME E APELIDOS:**

NAI/ PAI DA VÍTIMA

Nome	Idade	Enderezo	Tfno.

IRMÁN/ IRMÁ DA VÍTIMA

Nome	Idade	Enderezo	Tfno.

PARELLA DA VÍTIMA

Nome	Idade	Enderezo	Tfno.

FILLOS DA VÍTIMA

Nome	Idade	Enderezo	Tfno.

OUTROS (Especificar relación)



MINISTERIO
DE XUSTIZA
MINISTERIO
DO INTERIOR

ANEXO VII.4 (folia 1)

FORMULARIO OFICIAL PARA A TOMA DE
MOSTRAS DE REFERENCIA DE ADN DOS
FAMILIARES (I)

PROTOCOLO NACIONAL DE
ACTUACIÓN MÉDICO-FORENSE E
DE POLICÍA CIENTÍFICA EN
SUCESOS CON VÍTIMAS
MÚLTIPLES

ANEXO VII.4 (folia 1)**DATOS DO FAMILIAR**


CÓDIGO DE MOSTRA:

NOME E APELIDOS:**IDADE:****DNI:****TELÉFONO:****DOMICILIO:****CP:****CIDADE:****PROVINCIA:**

Nº DE VÍTIMAS QUE BUSCA:

TIPO DE MOSTRA RECOLLIDA:

RELACIÓN DE PARENTESCO:

RELACIÓN FAMILIAR**(Facer un CÍRCULO sobre o familiar que fornece a mostra)****DATOS DA VÍTIMA****NOME E APELIDOS:**

Data e hora da toma:

Nº de precinto:

Recollida por (nome ou identificación e sinatura):

O interesado manifesta a súa conformidade cos datos que se recollen neste formulario e consente a toma dunha mostra de referencia para realizar unha análise de ADN para efectos exclusivos de identificación de persoas desaparecidas en sucesos con vítimas múltiples que serán incluídos na base de datos policial sobre identificadores obtidos a partir do ADN (Lei orgánica 10/2007, do 8 de outubro). Os datos conservaranse conforme o disposto no artigo 9.2 da Lei orgánica 10/2007, do 8 de outubro. O interesado poderá exercer o seu dereito de cancelación, rectificación, acceso e oposición nos casos previstos no artigo 9.3 da citada lei orgánica e nos termos establecidos nos artigos 15 e 16 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ante a Secretaría de Estado de Seguranza do Ministerio del Interior (r/ Amador de los Ríos nº 2, 28071-Madrid)

SINATURA DO INTERESADO:



MINISTERIO
DE XUSTIZA
MINISTERIO
DO INTERIOR

ANEXO VII.4 (folia 2)


FORMULARIO OFICIAL PARA A TOMA DE
MOSTRAS DE REFERENCIA DE ADN DOS
FAMILIARES (II)

PROTOCOLO NACIONAL DE
ACTUACIÓN MÉDICO-FORENSE E
DE POLICÍA CIENTÍFICA EN
SUCEOS CON VÍTIMAS
MÚLTIPLES

NOME E APELIDOS DO FAMILIAR DE REFERENCIA:


RELACIÓN DE PARENTESCO COA VÍTIMA:

NOME E APELIDOS DA VÍTIMA:



RELACION DE PARENTESCO COA VÍTIMA:

NOME E APELIDOS DA VÍTIMA:



MINISTERIO
DE XUSTIZA**ANEXO VII.5**FORMULARIO OFICIAL PARA A TOMA DE
MOSTRAS DE REFERENCIA DE
ADN ANTE MORTEMPROTOCOLO NACIONAL DE
ACTUACIÓN MÉDICO-FORENSE E
DE POLICÍA CIENTÍFICA EN
SUCESOS CON VÍTIMAS
MÚLTIPLES

DESCRIPCIÓN DA MOSTRA RECOLLIDA	CÓDIGO	Nº PRECINTO (*)

DATOS DA PERSOA QUE FORNECE A MOSTRA**NOME E APELIDOS:****DNI:****TELÉFONO:****DOMICILIO:****CP:****CIDADE:****PROVINCIA:**

RELACIÓN COA VÍTIMA:

OBSERVACIÓNS:**DATOS DA VÍTIMA****NOME E APELIDOS:**

Data e hora da toma:

Nº de precinto:

Recollida por (nome ou identificación e sinatura):

(*) As mostras procedentes do mesmo individuo introducíranse en envases primarios separados pero, sempre que sexa posible, no mesmo envase secundario.